



**PLAN  
ESTRATÉXICO DE  
SUBVENCIÓNS DO  
CONCELLO DA  
CORUÑA (PESCC)  
2021-2023**



## ÍNDICE

### LIMIAR

1. ANTECEDENTES, CONTEXTO ECONÓMICO-SOCIAL ACTUAL E PERSPECTIVAS
2. FUNDAMENTOS XURÍDICOS E PRINCIPIOS XERAIS DE XESTIÓN
  - 2.1. NORMATIVA DE APLICACIÓN
  - 2.2. NATUREZA XURÍDICA
  - 2.3. ÁMBITO SUBXECTIVO
  - 2.4. ÁMBITO OBXECTIVO
  - 2.5. ÁMBITO TEMPORAL
  - 2.6. PRINCIPIOS XERAIS DA XESTIÓN SUBVENCIONAL NO CONCELLO DA CORUÑA
3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OBXECTIVOS OPERATIVOS
4. PRINCIPAIS MAGNITUDES 2021 E CRITERIOS DE XESTIÓN
  - 4.1. PRINCIPAIS MAGNITUDES
  - 4.2. CALENDARIZACIÓN
  - 4.3. PERIODICIDADE E ALCANCE DAS CONVOCATORIAS
  - 4.4. OUTRAS COSIDERACIÓNS REACIONADAS COA XESTIÓN
5. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO
6. ACTUALIZACIÓN
7. APROBACIÓN
8. PUBLICACIÓN



## LIMIAR

Unha parte relevante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, executando a actividade de fomento, co obxectivo esencial de poder dar cumprida resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades de natureza pública ou privada.

Coa finalidade mellorar a eficacia e a eficiencia no outorgamento das diferentes subvencións e axudas públicas, as normativas de subvencións tanto estatal como galega establecen, de igual forma, a oportunidade de elaborar un Plan Estratéxico de Acción Subvencional (PES), a desenvolver nun determinado espazo temporal, con unha adecuada conexión entre os obxectivos e os efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as fontes de financiamento.

Polo demais, o plan estratéxico de subvencións forma parte, en termos xerais, do tratamento do gasto público ao que vai unido. Esa vinculación sinálase de forma expresa na exposición de motivos do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (en adiante RXS) ao indicar que *“se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencións”*.

En materia de subvencións, tanto directas como en concorrencia, este Concello vén cumprindo cos requisitos de publicidade e transparencia esixidos pola normativa e coas súas obrigas de control económico e financeiro; aínda así é preciso seguir avanzando para dotar ao Concello dun instrumento planificador e programático que sirva de apoio á planificación e xestión das políticas públicas que teñen por obxectivo a acción administrativa vinculada ao fomento.

Neste senso, tanto o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), como os artigos que van do 10 ao 15 do (RXS), regulan polo miúdo o seu contido mínimo.

O plan estratéxico de subvencións formúlase sobre estes piares:

- Ser un instrumento para o deseño e avaliación da actividade municipal de fomento, respecto de actividades de utilidade pública ou interese social, ou ben de promoción de finalidades públicas, en termos de eficacia e eficiencia no destino dos recursos públicos, e sobre todo no escenario orzamentario e financeiro actual condicionado polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade económico- financeira.
- Potenciar a transparencia e publicidade na xestión desta política e acción administrativa de fomento.
- Dar coherencia aos obxectivos estratéxicos e operativos, en relación con cada concreta liña de subvencións, de modo que sexa necesario un específico deber de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións ( obxectivos estratéxicos e operativas) sen prexuízo das modificacións que se deriven dos informes de seguimento, nos termos do artigo 15 do RGS.
- Ser un instrumento vivo e dinámico, que coa avaliación de resultados cuantitativos e cualitativos se vaia adaptando as demandas económicas e sociais, propias de un goberno que planifica pero que se abre a escoita activa da sociedade civil.

Neste escenario, enmarcase o primeiro **Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña**, implicado o Goberno municipal na necesidade de avanzar, traballando a reo para



mellorar a xestión das distintas políticas públicas, fornecendo o uso racional, eficaz e eficiente dos recursos públicos, mais tamén que estes fondos cheguen a cidadanía e transformen a realidade social e económica a que nos enfrontamos.

## 1. ANTECEDENTES, CONTEXTO ECONÓMICO-SOCIAL ACTUAL E PERSPECTIVAS

O PESCC nace co obxectivo de **optimizar os recursos, racionalizar os procedementos e dotar de transparencia** á xestión das subvencións do Concello da Coruña. Trátase, neste sentido, dun instrumento programático de planificación das políticas públicas de fomento que son responsabilidade das áreas municipais e dos organismos e entidades de dereito público de carácter municipal.

E como instrumento programático, busca servir de apoio ás accións ou actividades, propias da gobernanza municipal de fomento que se consideran de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

No punto 3, deste documento analízanse, polo miúdo, os obxectivos estratéxicos e operativos do PESCC, pero é necesario xa apuntar que a elaboración deste plan estratéxico de subvencións 2021-2023, encádrase nun contexto caracterizado pola irrupción da pandemia provocada pola **COVID-19**.

Todas as políticas públicas víronse afectadas, en tanto que a pandemia obrigou a realizar un traballo e un esforzo sen precedentes, a reprogramar e a dar prioridade a ámbitos de actuación para facer fronte ás consecuencias económico-sociais derivadas desta crise sanitaria sen precedentes a escala mundial, suspendéndose temporalmente pola Comisión Europea os obxectivos de débeda e déficit para 2021 e obrigando ao Goberno estatal a propoñer e obter a aprobación parlamentaria para a suspensión das regras fiscais de gasto en aplicación do artigo 135.4 da Constitución co obxectivo de que as distintas Administracións Públicas puideran poñer a totalidade dos seus recursos ao servizo da cidadanía.

A actividade de fomento, polo tanto, non só non foi allea á irrupción da Covid-19, senón que destacou por ser protagonista primordial, **polo que algúns dos obxectivos operativos que figuran no PESCC foron creados e outros foron modificados ao longo do ano 2020 e ano actual 2021 para poder atenuar, en parte, as importantes consecuencias económicas e sociais que a actual crise sanitaria provocou, provoca e provocará no futuro inmediato no tecido económico e social da cidade.**

Así, a aprobación en xuño de 2020 do modificativo M2, e os seus correlativos posteriores, e dos M2 e M3 en xullo de 2021, permitiu a aprobación por unanimidade de toda a corporación dun ambicioso Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, o **PRESCO**, dotado inicialmente mo ano 2020 con 13.276.416,2 €. Para o ano 2021, e tras avaliar o funcionamento das diferentes liñas do Plan anterior, mantivéronse algunhas das medidas que mellor acollida tiveron por parte dos sectores máis afectados pola crise económica e, ao tempo, establecéronse outras novas para complementar as axudas e iniciativas que están a poñer en marcha tamén outras administracións públicas. A dotación inicial do Presco 2021 é de 6.260.000 €.

Tal e como reflicte a memoria da Alcaldía do M2 de 2020 o PRESCO implicou *“realización de gastos específicos e determinados cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, ante a emerxencia social e económica ocasionada pola pandemia da Covid-*



*19 e as medidas de contención tomadas para combatela*". O M2 implicou unha reorientación orzamentaria para poder sufragar medidas *"dirixidas a mitigar o duro impacto económico derivado da crise sanitaria"*.

Neste contexto, convén citar tamén a **Instrución de 29 de xullo de 2021 do concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior**, ás unidades xestoras de subvencións na que se instaba ao cumprimento de diversas determinacións a levar a cabo para a axilización dos procedementos de concesión de subvencións, dada a situación de crise sanitaria así como o cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña e da Ordenanza Municipal de Igualdade na Diversidade.

O PRESCO 2021 estrutúrase nun eixo interno que afecta á organización municipal, pero aos efectos do que interesa, se artellan tres grandes eixos socioeconómicos externos:

- Investimento público como impulso á contratación pública.
- Coruña Solidaria, con diversas medidas de protección social, destacando a inxección económica para axudas sociais e a posta en marcha de convenios nominativos específicos con entidades sociais para paliar situacións de necesidade urxentes.
- Medidas económicas para colectivos afectados polo cesamento ou diminución da súa actividade económica, tales como a posta en marcha de axudas como o Bono Cultura, o Bono Comercio, o Bono Hostalería, Bono Salóns de Prerruquería-Estética, Bono Mobilidade (Taxi), así como liñas de axudas para autónomos, comercios e micropemes para mantemento da actividade económica.
- Medidas de cualificación profesional con itinerarios formativos naqueles sectores ou especialidades con maiores oportunidades de emprego e axudas á inserción laboral.

Resulta notorio que esta crise ten e continuará a ter unha incidencia notable en todos os extractos da sociedade coruñesa, producindo múltiples situacións de vulnerabilidade que deberán ser atendidas, en moitos casos, a través da actividade subvencional do Concello da Coruña. Desta forma, é previsible que a planificación das liñas subvencionais para o período temporal do presente PESCC, se vexan influenciadas ou afectadas polas medidas que desde o Concello (ou ben outras instancias multinivel) se decidan impulsar para dar resposta á situación de crise xerada pola COVID-19.

Con todo isto, conclúese que os distintos impactos producidos terán, polo tanto, o seu reflexo na planificación das liñas de subvención correspondentes a través dos plans operativos anuais e as súas actualizacións ou adendas durante os anos de vixencia do Plan .

Non obstante, e sen prexuízo do anterior, preténdese construír un Plan estratéxico o suficientemente amplo desde o punto de vista da definición dos seus obxectivos estratéxicos e operativos para que esas posteriores concrecións ou actualizacións das liñas subvencionais derivadas das medidas tomadas para afrontar a situación de crise provocada pola COVID-19 e outras de política xeral, teñan encaixe coa planificación estratéxica que este plan representa, a través de obxectivos estratéxicos, operativos e liñas de subvencións. Compatibilízase así a planificación e programación, coa reposta áxil as necesidades en presenza.

En calquera caso, o Plan non se debe percibir como un aparello estático, senón dinámico, tomando pulso á vida económica e social do municipio.



## 2. FUNDAMENTOS XURÍDICOS E PRINCIPIOS XERAIS DE XESTIÓN

### 2.1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), artigo 8.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 (RGS), dos artigos 10 ao 15.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) (BOE 18.07.2007), artigo 5.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (RSG), artigos 6 e 7. Aínda que, de acordo co seu artigo 1.3, “*as disposicións deste Regulamento non serán de aplicación ás entidades locais de Galicia nin aos organismos ou entidades dependentes delas*”, tívose en conta a regulación para a elaboración do presente PESCC.
- Bases anuais de execución do Orzamento municipal.
- Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar Social (BOP 19.02.2005).
- Ordenanza de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP 26.02.2008).
- Ordenanza reguladora da concesión de axudas á conservación e rehabilitación de edificios e vivendas (BOP 19.10.2020).
- Ordenanza de concesión de subvencións para mellora da imaxe urbana no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior da cidade vella e Pescadería (BOP 22.04.2014).
- Ordenanza da Coruña para a Igualdade na Diversidade, artigos 31 a 34 e 42. (BOP 25.10.2019).
- Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP 22.06.2021).

### 2.2. NATUREZA XURÍDICA E FINALIDADE DO PESCC

O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública o da “*planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas*”. Do mesmo xeito, o artigo 8 da LXS establece que os “*órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*”.

Por outra parte, a actividade subvencional da Administración Pública “*debe ser planificada co obxecto de realizar unha asignación equitativa, eficaz, eficiente e económica dos recursos públicos con pleno sometemento á lei e ao dereito*”.

Destas consideracións e da definición que o propio artigo 10 do RXS realiza destes plans como **instrumentos de planificación das políticas públicas** cuxo obxecto é fomentar actividades de utilidade ou finalidade pública ou interese social, resulta a súa consideración xurídica como **instrumentos programáticos de xestión**, de natureza non regulamentaria, elaborados e aprobados polo órgano administrativo competente para propoñer o establecemento de liñas de subvencións.

O PESCC ten por finalidade seleccionar as mellores políticas públicas de fomento e a eficiencia na utilización do gasto público, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade



orxamentaria, de forma que permita racionalizar a acción de fomento, mantendo e mesmo aumentando as partidas económicas que se viñan dedicando, facendo rendibles os recursos por definición limitados, mediante criterios eficaces, e que redunden nun maior beneficio para o conxunto do municipio.

A aprobación do PESCC, non xera “per se” dereitos nin obrigas para a Administración, quedando a súa efectividade condicionada á aprobación das convocatorias das diferentes liñas de subvención ou subvencións directas, así como das dispoñibilidades orxamentarias de cada exercicio.

### 2.3. ÁMBITO SUBXECTIVO

O punto 1, apartado b) e o punto 2 do artigo 3 da LXS sinalan que a dita normativa de subvencións resulta de aplicación ás outorgadas polas entidades que integran a Administración local, pero tamén ás outorgadas polos organismos e demais **entidades de dereito público** con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera delas, na medida en que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio das potestades administrativas, así como que os **entes de dereito privado**, vinculados ou dependentes da administración local – neste caso- lle serán de aplicación os principios xerais contidos nesta Lei (publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia) e os de información aos que se refire o artigo 20 (BDNS).

Ao mesmo tempo, o artigo 8 relativo ao Plan estratéxico de subvencións inclúe “aos órganos das administracións públicas ou a calquera ente que propoña o establecemento de subvencións”.

A normativa non esixe que o PES sexa único, no sentido de que cada órgano ou entidade con personalidade xurídica propia vinculada ou dependente do Concello que outorgue subvencións podería elaborar e someter á aprobación o seu propio Plan estratéxico. O artigo 11 do RXS determina que haberá un PES por cada Ministerio, pero nada sinala para o resto de administracións públicas distintas da estatal, sen prexuízo do carácter non básico do artigo.

En concellos cun nivel demográfico, económico e de complexidade administrativa similar ao Concello da Coruña, adoita aprobarse un único PES dado que o volume de subvencións a outorgar polas entidades que conforman o seu sector público institucional é moi residual e tendo en conta, ademais, todos os requisitos que a normativa esixe que se incorporen ao seu contido. Ao tempo, un único PES permite unha visión global da actividade de fomento da institución e do seu impacto no conxunto da sociedade e da economía do municipio. Por iso, xa determinadas ordenanzas reguladoras de subvencións como a do Concello de Zaragoza establecen que o PES será único para o conxunto do seu sector público.

Polo exposto, o presente PESCC segue a orientación maioritaria na elaboración e aprobación dos distintos PES pertencentes á Administración local polo que, tanto durante o seu ámbito temporal (2021-2023) como nos plans operativos anuais e nas súas modificacións e actualizacións, estarán incluídas todas as liñas de subvencións a outorgar polo propio Concello e polas entidades vinculadas ou dependentes do mesmo, é dicir:

- **CONCELLO DA CORUÑA**, a través das distintas áreas municipais e os respectivos servizos e centros xestores .
- **O IMCE** (Instituto Municipal Coruña espectáculos), organismo autónomo municipal.
- **A FUNDACIÓN EMALCSA**, cuxo ente fundador é a Empresa Municipal de Augas da Coruña S.A. EMALCSA, con capital social pertencente na súa totalidade ao Concello da Coruña e



cuxa Xunta Xeral está integrada pola totalidade dos concelleiros e das concelleiras do Concello.

Resulta de aplicación á Fundación Emalcsa a previsión contida na Disposición adicional decimosexta da LXS:

*“1. As fundacións do sector público unicamente poderán conceder subvencións cando así se autorice á correspondente fundación de forma expresa mediante acordo do ministerio de adscrición u órgano equivalente da administración á que a fundación estea adscrita e sen prexuízo do disposto no artigo 10.*

*2. A aprobación das bases reguladoras, a autorización previa da concesión, as funcións derivadas da esixencia do reintegro e da imposición de sancións, así como as funcións de control e demais que comporten o exercicio de potestades administrativas, serán exercidas polos órganos da administración que financien en maior proporción a subvención correspondente; en caso de que non sexa posible identificar tal Administración, as funcións serán exercidas polos órganos da administración que exerza o protectorado da fundación”.*

- **O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS**

- O resto de entidades que integran o poidan integrar o sector público do Concello da Coruña poderán resultar incluídos en futuros plans operativos anuais derivados do PESCC, ou nas modificacións e actualizacións que do mesmo se realicen, en función do desenvolvemento da política de fomento municipal.

## 2.4. ÁMBITO OBXECTIVO

### A) DETERMINACIÓNS PARA PRECISAR AS LIÑAS SUBVENCIONAIS QUE SE INCLUEN NO PESCC. O AMPLO CONCEPTO DE AXUDA PÚBLICA FRONTE AO DA SUBVENCIÓN. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL E A SÚA DIFERENCIACIÓN NO PESCC

Tradicionalmente as subvencións foron o principal instrumento da política de fomento. Pero hoxe en día, como sinala Serna Sánchez, B. <sup>1</sup>“salvo na esencia, a entrega gratuíta de fondos afectada a unha concreta finalidade, a subvención é algo máis complexo e deixou de ser o paradigma do intervencionismo moderado da Administración na economía...xa que a política subvencional é agora unha das funcións principais do noso Estado Social”. O estado social, como sinala Castillo Blanco, F.<sup>2</sup> supón o paso de “un Estado prestador a un Estado garante” e, ao tempo, a idea de **gobernanza** conleva que “a acción dos particulares, as empresas, as ONG’S, etc. non é indiferente ao sector público que, antes ao contrario, interactuando con elas atopa unha mellor oportunidade para a consecución dos seus obxectivos”.

Ademais do exposto, o impacto das distintas crises económicas foron provocando que por riba do concepto de subvención prevalecese **un concepto amplo de axuda pública** “que non só engloba medidas de estímulo directo de actividades privadas relevantes desde una perspectiva xeral, senón auténticas medidas asistenciais, de soporte económico “–en especial para os colectivos con maior vulnerabilidade económica- “de compensación de perdas e de financiación de situacións ou actividades en crise”. Nestes casos, estas axudas non perseguen en sentido estrito o fomento ou estímulo dunha actividade ou comportamento, senón o resarcimento ou compensación dunha perda ou insuficiencia económica.

Pero a LXS non é unha Lei de axudas públicas, senón unha Lei de subvencións, o que circunscribe o concepto. Así, a Lei configura “**un complexo concepto básico do que é unha subvención**

<sup>1</sup> “O concepto xurídico de subvención e axuda pública. Alcance da noción de fomento e promoción”. Aranzadi. 2ª edic. 2018.

<sup>2</sup> “ A actividade de fomento: evolución histórica e tratamento constitucional”. Aranzadi. 2ª edic. 2018.





**pública**”, xa que enumera supostos excluídos do concepto de subvención (artigo 2.4: “Non teñen o carácter de subvencións...”), supostos excluídos do ámbito da aplicación da lei (artigo 4), e supostos non comprendidos no concepto (apartados 2 e 3 do artigo 2 “non están comprendidas no ámbito de aplicación desta lei...), xunto con particularidades das disposicións adicionais.

Cando a lei estatal e a autonómica de subvencións establecen á obriga ás administracións públicas de elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións está a referirse ao concepto legal e estrito de subvención que sinala a Lei, o que motivaría que non recollese as axudas públicas non estritamente subvencionais. No caso do presente PESCC, tívose en conta o principio xeral de transparencia na xestión, pero tamén as recomendacións da *Guía xeral para a elaboración, seguimento, control, avaliación e publicidade dos plans estratéxicos de subvencións elaborada pola Intervención Xeral do Estado* que, se ben non é de aplicación ás entidades locais, sirve de orientación na medida en que recolle a experiencia adquirida e os criterios doutrinarios ata a data (2017) que insiste na correlación do Plan co Orzamento como sinala o RXS e considerar que, como instrumento programático, deben incluírse no plan “*todas as figuras que supoñan un instrumento de fomento, sexa cal sexa a súa natureza xurídica*”.

Por iso, no presente PESCC recóllense as distintas liñas subvencionais que derivan da subsección clara á normativa subvencional e contempla un apartado de “Outras axudas municipais” coa finalidade de que se coñeza de xeito transparente e se publicite a actividade global de fomento do Concello da Coruña de xeito que asegure o control e a execución orzamentaria eficiente na asignación dos recursos públicos.

#### **B) LIÑAS de AXUDAS QUE NON SE INCLÚEN NO PESCC COMO LIÑAS SUBVENCIONAIS, PERO SE CONTEMPLAN POR TRANSPARENCIA NO PLAN OPERATIVO DIFERENCIADAS.**

Na liña sinalada no apartado anterior, os distintos Plans operativos anuais contemplarán as seguintes axudas nun apartado específico diferenciado das liñas subvencionais:

B.1. As axudas municipais incluídas na Carteira de Servizos Sociais de Galicia como prestacións asistenciais, como as de axuda no fogar ou comidas a domicilio no ámbito da dependencia; a Renda Social Municipal que conta coa súa propia normativa municipal reguladora desenvolvida ao amparo da Lei 13/2008, modificada pola Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia e do Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais de inclusión de Galicia e a súa consideración como prestación asistencial ao amparo do artigo 2.2 a) da LSG e 2.4. da LXS.

B.2 Así mesmo, as axudas de emerxencia municipais. A recente modificación do artigo 2.2 a) da Lei e Subvencións de Galicia (LSG) pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas sinala que non teñen carácter de subvencións “*as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións asistenciais autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*”.

É importante sinalar, o importante protagonismo que estas axudas teñen no escenario económico social derivado da Covid-19 como se sinalou no punto anterior. Polo demais, a convocatoria anual destas axudas municipais publícase polo Concello anualmente na BDNS para garantir o principio de publicidade e transparencia.

Estas axudas contan cunha normativa específica: a Ordenanza Municipal de Emerxencia Social (22/04/2008; modificada BOP 18.04.2012) que será obxecto de integración co disposto na citada normativa autonómica ou, de ser preciso, de adaptación á mesma.



B.3. Pola mesma natureza xurídica como axudas de emerxencia contémpanse as axudas do programa “A Flote” da Fundación Emalcsa, para a cobertura inmediata e urxente de necesidades de persoas en risco ou exclusión social e as axudas en especie derivadas do programa do Banco social de vivendas de alugamento xestionado por EMVSA, sen prexuízo das integracións ou adaptacións normativas que sexa preciso realizar.

B.4. Incorporanse tamén neste apartado as transferencias a favor da concesionaria do transporte público municipal para compensar o importe deficitario das tarifas ou prezos públicos que abonan as persoas usuarias xa que, se ben son achegas que se derivan dunha relación contractual no marco dun contrato administrativo, considéranse axudas na medida en que tales achegas pactadas no contrato non o son a título de contraprestación, senón para o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social, que doutro modo non se prestaría e supoñen a compensación da axuda previa que reciben as persoas usuarias que aboan prezos inferiores ao da tarifa ordinaria ou xeral.

### **C) NON SE INCLÚEN NO PESCC POR NON SER SUBVENCIONS**

Descartáronse do plan aquelas transferencias que non son subvencións de acordo coa normativa xeral de aplicación por:

C.1.- Non ser subvencións ou non estar incluídas no ámbito de aplicación da LXS de acordo co artigo 2, puntos 2, 3 e 4 da LXS e artigo 2, punto 4 do RXS como as achegas de diñeiro entre o Concello e outra administración pública ou entidades a elas vinculadas; ou entre o Concello cara os distintos entes que conforman o sector institucional municipal; ou os convenios e concertos entre administracións cuxo obxecto sexa a realización de plans e programas conxuntos; as cotas ás asociacións que corresponden á condición do Concello como persoa xurídica socia e se rexen pola normativa de asociacións; as cotas ás distintas asociacións de concellos ou a organismos internacionais, etc.

C.2.- Ser subvencións, pero resultar excluídas da aplicación da LXS segundo o artigo 4, como as subvencións aos grupos políticos da corporación (se ben deben de publicarse na BDNS) ou os premios outorgados sen solicitude previa da persoa beneficiaria, como os honoríficos.

C.3.- O Fondo de Acción Social do persoal municipal ou os anticipos de haberes por serlles de aplicación a normativa fiscal e orzamentaria das retribucións ao traballo; nin tampouco o uso gratuíto por entidades sociais de bens inmoables do patrimonio municipal ao resultarlles de aplicación a tales cesións a normativa patrimonial.

### **D) LIÑAS SUBVENCIONAIS DO PESCC**

As distintas liñas subvencionais que se incorporan corresponden a análise do actual anexo de subvencións nominativas que acompaña ao Orzamento Xeral 2021, así como de todos os gastos previstos no capítulo IV e VII do Orzamento. Tamén tivéronse en consideración os distintos modificativos de crédito aprobados polo Pleno ao longo de 2021 que afectaron a distintas liñas subvencionais e que foron necesarios para responder á inminente crise económica e social derivada da pandemia da Covid-19, e cuxos efectos se estenderán nos anos seguintes.

Inclúense tamén ás axudas dos programas “Deporte inclusivo” e “Cultura accesible e inclusiva” da Fundación Emalcsa tendo en conta a disposición adicional 16ª da LXS.

Tamén se postula incluír as axudas en especie, como o Talón Restaurante, o servizo de axudas a domicilio no programa de envellecemento activo, as axudas as do Consorcio de Turismo e Congresos para promoción do turismo, en tanto que supoñen unha entrega de servizos e dereitos cuxa adquisición se realizou polo concello coa finalidade exclusiva de entregarllos a un terceiro beneficiario.



Por último considérase, ademais unha subvención directa do Consorcio de Turismo ás axencias de viaxes, a inclusión dunha líña de subvención de concesión directa por causa humanitaria, especialmente relevantes na situación internacional actual e dos posibles fluxos migratorios, ou para colaborar solidariamente ante catástrofes noutros lugares do planeta para axudar ás persoas afectadas de forma que poidan artellarse en casos excepcionais e ante a imposibilidade de acudir ás liñas de subvención existentes.

## 2.5. ÁMBITO TEMPORAL

De acordo co previsto no artigo 11.4 do RXS o ámbito temporal do presente PESCC abarca os exercicios 2021 a 2023 inclusive, establecendo non obstante unha aprobación anual do seu correspondente Plan Operativo que concretará obxectiva e subxectivamente as distintas liñas subvencionais, a súa cuantificación económica correspondente e as aplicacións orzamentarias específicas, unha vez aprobados ou prorrogados os orzamentos municipais e definidas as aplicacións do capítulo IV e VII, tanto as correspondentes a subvencións nominativas como as de convocatoria en concorrencia e directas.

Non obstante, algunha liña subvencional, pola especial natureza do sector afectado, poderá ter unha maior duración.

## 2.6 PRINCIPIOS XERAIS DA XESTIÓN SUBVENCIONAL NO CONCELLO DA CORUÑA

Partindo dos principios aplicables á xestión da actividade subvencional que consagra o artigo 8.3 da LXS, os que derivan do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, os derivados do cumprimento da normativa de transparencia e das normas de bo goberno e administración e os xerais que rexen a actividade das administracións públicas, **constitúen principios xerais para a xestión das liñas de subvención do PESCC e que deben rexer tanto no establecemento como na xestión das distintas liñas de subvencións do mesmo os de:**

- **Publicidade e concorrencia:** mediante convocatoria previa na que se garanta a concorrencia e igualdade na distribución dos fondos públicos, sen prexuízo da súa concesión de forma directa que, de conformidade coa normativa aplicable, deberá contar con carácter previo coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.
- **Obxectividade e imparcialidade no** proceso de asignación dos fondos públicos.
- **Igualdade e non discriminación** respecto das posibles persoas ou entidades beneficiarias.
- **Transparencia** no proceso de asignación dos recursos, ofrecendo á cidadanía información fidedigna e completa.
- **Eficacia** no cumprimento dos obxectivos, co establecemento de procedementos de seguimento e control das subvencións concedidas establecendo para iso indicadores de actividade e/ou resultado en cada liña subvencional.
- **Eficiencia** na asignación e utilización dos recursos públicos, coa valoración das subvencións e a súa asignación aos proxectos máis eficientes.
- **Estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e teito de gasto**, como criterios aos que deben axustarse os recursos económicos destinados á actividade subvencional.
- **Igualdade de oportunidades**, con especial atención ás fendas de xénero existentes e o exame polo miúdo das necesidades das mulleres e dos colectivos en situación de vulnerabilidade.



- **Planificación**, é dicir, concretar en unidades de ordenación para garantir unha xestión máis eficaz e áxil e un bo aproveitamento dos recursos adaptados ás necesidades, cunha regulación homoxénea e coa coordinación dos axentes intervinientes.
- **Corresponsabilidade**, colaborando cóbado a cóbado coas entidades privadas para reforzar a acción pública.
- **Solidariedade**: redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e con discriminación positiva.
- **Universalidade** dos servizos dirixidos ao conxunto e non graciabes.
- **Globalidade**, isto é, integración, coordinación e complementariedade entre todos os servizos e actuacións; superación da actuación fragmentada.
- **Descentralización**, entendida como transferencia de funcións, xestión directa por parte das propias persoas ou entidades implicadas; achegamento á cidadanía e simplificación na tramitación administrativa.
- **Integración**: permanencia na contorna, inserción na vida cotiá, evitando a segregación.
- **Fomento das iniciativas sociais**, outorgando importancia especial á colaboración das entidades privadas na xestión dos intereses que lles son propios.
- **Accesibilidade aos servizos**: Intentando garantir o acceso a todos os servizos, especialmente desde a estrutura máis próxima aos cidadáns.
- **Atención integral**: coordinación de actuacións simultáneas ou sucesivas dos diferentes sistemas e servizos, prestando atención técnica profesionalizada.
- **Integración** do sistema de subvencións: conleva a integración dos sectores e a organización integrada dos recursos públicos e privados.
- **Cooperación entre administracións**: derivado do principio de corresponsabilidade.
- **Coordinación**: suporá a organización e o artellamento das accións para garantir unha maior operatividade, unha xestión eficaz e unitaria que evite duplicidades na actuación.
- **Garantía de bo funcionamento**: regular e ordenar para establecer os requisitos, os baremos e os procedementos, as cartas de dereitos, as garantías xurídicas, a distribución de responsabilidades e competencias, os mecanismos de coordinación e participación, así como os sistemas de control e avaliación para a adecuación, a calidade, a rendibilidade e a inspección.

### **3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS**

De acordo co artigo 12.1 do RXS, **os obxectivos estratéxicos do PESCC describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción subvencional durante o período de vixencia do mesmo e deberán estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios.**

O PESCC recolle **9 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS (OE)** que responden á **misión e visión xeral** que se pretende coa acción subvencional no Concello da Coruña no período temporal do plan. Estes **obxectivos** enlázanse, á súa vez, con:

- A **programación orzamentaria** e co control dos seus resultados, xa que o PESCC é precisamente unha acción programática que, mediante os sistemas que se establezan para a súa avaliación e seguimento, axudan ao control da acción de fomento. A exposición de motivos do RXS di *“que se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos alcanzados en cada política pública xestionada a través de subvencións”*.



- **Os 17 obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas** aprobada o 25 de setembro de 2015 que supón unha oportunidade para que os países e as súas sociedades emprendan un novo camiño para mellorar a vida das persoas sen deixar a ninguén atrás. Nunha síntese de 17 grandes **obxectivos** de desenvolvemento sostible (ODS) preténdese que os mesmos guíen a actuación dos poderes públicos para conseguir a igualdade entre as persoas, a protección do planeta e a afirmación da prosperidade como parte dunha nova axenda de desenvolvemento sostible.
- **Os obxectivos da Axenda Urbana Europea, da española e os da propia Axenda Urbana da Coruña.** O 20 de outubro de 2016 aprobouse a Nova Axenda Urbana (NAU-Hábitat III) como guía para orientar os esforzos de desenvolvemento sostible no desenvolvemento das cidades para os próximos vinte anos. A Axenda Urbana busca promover cidades máis incluíntes e inclusivas, compactas e conectadas mediante a planificación e o deseño urbano, unha nova gobernanza, unha profunda revisión da normativa urbana e un impulso cara un novo modo de economía. Ademais, en xuño de 2018 o Goberno de España aprobou o Plan de Acción para a Implantación da Axenda 2030 en España, no que a Axenda Urbana constitúe unha das súas políticas específicas e define 10 obxectivos estratéxicos. O pleno da Coruña, en sesión celebrada o 3 de decembro de 2020 aprobou o expediente de lanzamento da Axenda Urbana da cidade e do seu plan estratéxico de acción local. Sen dúbida, os obxectivos estratéxicos e específicos da nosa Axenda Local, a definición do modo de gobernanza vinculado á transparencia, a rendición de contas, de datos abertos e de avaliación de políticas públicas; a dimensión económico-financeira do seu plan estratéxico, o sistema de indicadores básico que se defina e o ámbito temporal das diferentes liñas de traballo marcarán o avance e a actualización do presente plan e dos seus plans de acción anuais.

Para a fixación dos obxectivos procedeuse á análise das liñas subvencionais existentes no Orzamento 2020 prorrogado ao 2021 como se indicou no apartado do ámbito obxectivo do plan, tendo en conta as modificacións orzamentarias que afectaron e as subvencións en canto supuxeron novas incorporacións, baixas ou cambios nas existentes; pero tamén se tivo en conta o contexto económico social actual derivado da **Covid-19** e, polo tanto, as futuras posibles actualizacións nos plans anuais. Por iso, pretendeuse establecer uns **obxectivos estratéxicos** que permitan incluír neles as novas liñas de subvención que resulten precisas e que, ao mesmo tempo, estean en consonancia e en concordancia co modelo da Axenda Urbana da Coruña.

Ao mesmo tempo, e coa fin de garantir a operatividade do plan e axudar nos labores de avaliación e seguimento do mesmo, fíxanse **38 OBXECTIVOS OPERATIVOS (OPE) que concretan, no período anual de cada Plan Operativo do PESCC, os pasos para alcanzar os obxectivos estratéxicos.** Os OPE permiten que os OE se concreten en cada Plan Operativo anual e se **avalíen para o seu** mantemento, exclusión ou que se considere, despois da avaliación e seguimento, a necesidade de incorporar novos **obxectivos** operativos.

Os OE responden aos efectos e impacto esperados nos ámbitos funcionais concretos, de forma que permitan agrupar por finalidades específicas cada liña de subvención a xestionar e son medibles. É por iso que, se ben as liñas de subvención responden cada unha a un único **obxectivo estratéxico**, sen embargo, poden responder a un ou máis **obxectivos** operativos, xa que co financiamento dun determinado programa ou acción se pode fomentar a obtención de varias finalidades obxectivas obxecto da mesma acción de fomento. Os obxectivos operativos clasificáronse en cada **obxectivo** estratéxico para facilitar a súa relación co mesmo.



No seguinte cadro detállanse os 9 OE dos principais servizos xestores das distintas liñas de subvención que a eles responden, así como as áreas de goberno de referencia para cada un deles.

### OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS POR ÁREAS DE XESTIÓN E SERVIZOS XESTORES

NÚM.	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	SERVIZO XESTOR	ÁREA DE GOBERNO REFERENTE
1	IMPULSO Á ACCIÓN EXTERIOR, PROMOCIÓN DA CIDADE E DO SEU TURISMO. CIDADANÍA GLOBAL, COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL	*Alcaldía *Comercio e Promoc. Económica *Igualdade *Servizos Sociais *Consortio Turismo e Congresos *Cultura	*ALCALDÍA *IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN * EMPREGO E COMERCIO
2	APOIO AO ASOCIACIONISMO VECIÑAL E IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	*Participación *Apoio á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior	*IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN
3	FORTALECEMENTO DA INCLUSIÓN E DA ATENCIÓN SOCIAL, DA IGUALDADE, DA DIVERSIDADE E DA COMPLEMENTARIEDADE DE ACCIÓNS CO TERCEIRO SECTOR	*Servizos Sociais *Igualdade *Participación *Fundación Emalcsa *Alcaldía	*IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN
4	IMPULSO E APOIO ÁS ACCIÓNS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E ECONOMÍA CIRCULAR	*Medio Ambiente *Movibilidade *Servizos Sociais *Cultura *Alcaldía	*MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE *URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
5	FOMENTO DA REHABILITACIÓN URBANA, ACCESO Á VIVENDA E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS	*Rehabilitación e Vivenda *Servizos Sociais *Infraestruturas *Urbanismo *EMVSA *Alcaldía	*URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE *IGUALDADE, BIENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN
6	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CULTURA, DA LINGUA GALEGA E DA MEMORIA HISTÓRICA	*Cultura *Bibliotecas *Alcaldía *Educación/Memoria Histórica *IMCE	*ALCALDÍA *EDUCACIÓN/MEMORIA HISTÓRICA



		*Fundación Emalcsa	
7	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CIENCIA E DA EDUCACIÓN	*Educación/Memoria Histórica *Museos Científicos *Educación/Memoria Histórica	*ALCALDÍA *EDUCACIÓN/MEMORIA HISTÓRICA
8	IMPULSO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS QUE CONTRIBÚAN Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	*Deportes *Fundación Emalcsa *Alcaldía	*DEPORTES
9	FOMENTO ECONÓMICO E SOCIAL, CRECEMENTO ECONÓMICO, EMPREGO E IMPULSO Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL	*Promoción Económica/Comercio *Emprego e Empresa *Servizos Sociais *Dirección Economía, Facenda e Réxime Interior	*INNOVACIÓN, INDUSTRIA, E EMPREGO *COMERCIO, MERCADOS, CONSUMO E BARRIOS *ECONOMIA, FACENDA E REXIME INTERIOR

### RELACIÓN DE OBXECTIVOS OPERATIVOS CON ESTRATÉXICOS

NÚM.	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS OPERATIVOS
1	IMPULSO Á ACCIÓN EXTERIOR, PROMOCIÓN DA CIDADE E DO SEU TURISMO. CIDADANÍA GLOBAL. COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL	<b>0.01</b> APOIO A PROGRAMAS DE ACCIÓN EXTERIOR, PROMOCIÓN DA CIDADE E DO SEU TURISMO <b>0.02</b> APOIO E PARTICIPACIÓN EN ACCIÓNS DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL
2	APOIO AO ASOCIACIONISMO VECIÑAL E IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	<b>0.03</b> FORTALECEMENTO E EMPODERAMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO VECIÑAL DA CIDADE <b>0.04</b> FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ
3	FORTALECEMENTO DA INCLUSIÓN E DA ATENCIÓN SOCIAL, DA IGUALDADE, DA DIVERSIDADE E DA COMPLEMENTARIEDADE DE ACCIÓNS CO TERCEIRO SECTOR	<b>0.05</b> APOIO A PROGRAMAS E ACCIÓNS DE INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL PARA PERSOAS MIGRANTES E REFUXIADAS. CONCIENCIACIÓN E PREVENCIÓN DO RACISMO E DA XENOFOBIA <b>0.06</b> APOIO A PROGRAMAS DE INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL PARA PERSOAS MAIORES <b>0.07</b> APOIO A PROGRAMAS E ACCIÓNS PARA MENORES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE OU NECESIDADE SOCIAL <b>0.08</b> APOIO A PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS PARA CONCIENCIACIÓN CIDADÁ E DE INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL A PERSOAS ENFERMAS <b>0.09</b> APOIO A PROGRAMAS E ACCIÓNS DE INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL PARA PERSOAS



		<p>CON DIVERSIDADES FUNCIONAIS, PSÍQUICAS OU SENSORIAIS</p> <p><b>0.10</b> APOIO A PROGRAMAS E ACCIÓNS DE INCLUSION SOCIAL DIRIXIDAS EN XERAL A PERSOAS EN OU CON RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E ACCIÓNS XERAIS DE INTERESE SOCIAL</p> <p><b>0.11</b> PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DE XÉNERO. PREVENCIÓN E LOITA CONTRA AS VIOLENCIAS E CONDUTAS DE ODIO</p> <p><b>0.12</b> FORTALECEMENTO E EMPODERAMENTO DO CAPITAL SOCIAL DEDICADO Á INCLUSIÓN SOCIAL, Á IGUALDADE E A DIVERSIDADE</p>
4	IMPULSO E APOIO A ACCIÓNS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E ECONOMÍA CIRCULAR	<p><b>0.13</b> IMPULSAR ACCIÓNS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL DA CIDADE, EDUCACIÓN E XESTIÓN AMBIENTAL. APOIO A ACCIÓNS DE ECONOMÍA CIRCULAR</p> <p><b>0.14</b> PROMOCIÓN DUNHA MOBILIDADE SOSTIBLE, ACCESIBLE E SEGURA</p>
5	FOMENTO DA REHABILITACIÓN URBANA, ACCESO Á VIVENDA E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS	<p><b>0.15</b> FOMENTO DA REHABILITACIÓN URBANA, ACCESO Á VIVENDA E MELLORA DAS SÚAS CONDIÇÕES DE ACCESIBILIDADE E HABITABILIDADE</p> <p><b>0.16</b> PROMOCIÓN DE OBRAS E ACTUACIÓNS QUE MELLOREN AS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS DA CIDADE E QUE FAVOREZAN O SEU DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE</p>
6	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CULTURA, A LINGUA GALEGA E A MEMORIA HISTÓRICA	<p><b>0.17</b> APOIO AO TECIDO CULTURAL MEDIANTE AXUDAS DIRECTAS AOS AXENTES SOCIAIS E CULTURAI E DINAMIZACIÓN CULTURAL</p> <p><b>0.18</b> APOIO ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CULTURAI PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES</p> <p><b>0.19</b> APOIO, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO CINE E DO SECTOR AUDIOVISUAL, PROMOVIDOS A TRAVÉS DE PRODUCIÓNS, FESTIVAIS OU ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN</p> <p><b>0.20</b> APOIO, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO LIBRO E DA LECTURA</p> <p><b>0.21</b> APOIO, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS, INCLUÍDO A ARTE URBANA</p> <p><b>0.22</b> APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO, DA HISTORIA E DA MEMORIA DA CIDADE</p> <p><b>0.23</b> APOIO, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MÚSICA E ACTIVIDADES MUSICAIS</p>





		<b>0.24</b> APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PROXECTOS E ACTIVIDADES CUTURAIAS ACCESIBLES, INCLUSIVAS E CON ATENCIÓN ÁS DIVERSIDADES
7	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CIENCIA E DA EDUCACIÓN	<b>0.25</b> APOIO ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES EDUCATIVAS E/OU DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES <b>0.26</b> APOIO, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA DIVULGACIÓN CIENTÍFICA <b>0.27</b> FOMENTO DA OFERTA DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS <b>0.28</b> PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO ÁMBITO EDUCATIVO
8	FOMENTO E APOIO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS QUE CONTRIBÚAN Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADEES FÍSICAS E DEPORTIVAS	<b>0.29</b> FOMENTO E APOIO Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS FEDERADAS <b>0.30</b> FOMENTO E APOIO Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADES FÍSICAS E PROMOCIÓN DE DEPORTES AUTÓCTONOS <b>0.31</b> FOMENTO E APOIO Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON ATENCIÓN ÁS DIVERSIDADES <b>0.32</b> APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS E COMPETICIÓN DEPORTIVAS NA CIDADE <b>0.33</b> APOIO ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES E MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
9	FOMENTO ECONÓMICO E SOCIAL, CRECEMENTO ECONÓMICO, EMPREGO E IMPULSO Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL	<b>0.34</b> APOIO E INCENTIVO DO CONSUMO DE PROXIMIDADE <b>0.35</b> IMPULSO E MANTEMENTO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS MICROEMPRESAS E DAS PERSOAS AUTÓNOMAS <b>0.36</b> APOIO A PROGRAMAS DE ORIENTACIÓN, INSERCIÓN E INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE Y/O EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL <b>0.37</b> APOIO AO TECIDO EMPRENDEDOR, AO TALENTO INNOVADOR LOCAL E Á ECONOMÍA SOCIAL <b>0.38</b> APOIO Á TRANSFORMACIÓN DIIXTAL NO TECIDO ECONÓMICO E SOCIAL

#### 4. PRINCIPALIS MAGNITUDES 2021 E CRITERIOS DE XESTIÓN

Como xa se sinalou os **plans operativos concretarán, no período anual correspondente, o Plan estratéxico, os pasos para alcanzar o obxectivo estratéxico** (artigo 12.1.b.5º RXS “Plan de



acción, no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, se delimitarán as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión á que se fai referencia no artigo 9 da Lei xeral de subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión”).

Nembargantes, tendo en conta as precisións relativas os ámbitos obxectivo e subxectivo do PESCC sinalados nos puntos 2.3 e 2.4, xunto a análise dos datos que resultan das subvencións **que reflcite o orzamento vixente no 2021**, e da análise dos gastos do Capítulo IV e VII, e tendo en conta os expedientes modificativos de créditos aprobados ao longo de 2021 que, fundamentalmente, tiveron por obxecto reprogramar actuacións e canalizar os recursos para atender situacións de vulnerabilidade económica e social, pódese extraer a seguinte información cuantitativa xeral relativa ao ano 2021. Esta información será concretada de xeito específico, para cada liña de subvención nos correspondentes plans de acción ou plans operativos anuais e as súas modificacións e actualizacións.

#### 4.1. PRINCIPAIS MAGNITUDES DO PESCC 2021 E OUTRAS AXUDAS MUNICIPAIS

- **POR ENTE CONCEDENTE**

	<b>Nº LIÑAS DE SUBVENCIÓN</b>	<b>OUTRS AXUDAS MUNICIPAIS</b>
<b>CONCELLO DA CORUÑA</b>	<b>273</b>	<b>5</b>
<b>FUNDACIÓN EMALCSA</b>	<b>4</b>	<b>1</b>
<b>IMCE</b>	<b>1</b>	
<b>CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS</b>	<b>2</b>	
<b>EMVSA</b>		<b>1</b>
<b>TOTAL LIÑAS</b>	<b>280</b>	<b>7</b>
<b>TOTAL IMPORTE</b>	<b>18.012.680,73</b>	<b>14.490.000</b>
<b>IMPORTE ACTIVIDADE DE FOMENTO 2021</b>	<b>32.502.680,73</b>	

- **LIÑAS SUBVENCIONAIS DO PESCC E OUTRAS AXUDAS POR OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**

	<b>OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS</b>	<b>Nº LIÑAS SUBVENCIÓN</b>	<b>FINANCIAMENTO PREVISIBLE</b>	<b>%/TOTAL PESCC</b>	<b>Nº LIÑAS OUTRAS AXUDAS</b>	<b>FINANCIAMENTO PREVISIBLE</b>
<b>1</b>	IMPULSO Á ACCIÓN EXTERIOR, PROMOCIÓN DA CIDADE E DA CIDADANÍA GLOBAL. COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL	10	360.022,79	2%		



2	APOIO AO ASOCIACIONISMO VECIÑAL E IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	4	120.000	0,67%		
3	FORTALECEMENTO DA INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL, A IGUALDADE, A DIVERSIDADE E COMPLEMENTARIEDADE DE ACCIÓNS CO TERCEIRO SECTOR	87	4.317.100	23,97%	5	5.680.000
4	IMPULSO E APOIO A ACCIÓNS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL	16	305.000	1,69%	1	8.660.000
5	FOMENTO DA REHABILITACIÓN URBANA, ACCESO Á VIVENDA E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS	8	3.384.726,59	18,79%	1	150.000
6	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CULTURA, A LINGUA GALEGA E A MEMORIA HISTÓRICA	46	1.160.950	6,45%		
7	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CIENCIA E A EDUCACIÓN	12	754.881,35	4,19%		
8	IMPULSO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS QUE CONTRIBÚAN Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	71	1.980.000	10,81%		
9	FOMENTO ECONÓMICO E SOCIAL, CRECEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO	26	5.630.000	31,26%		
	<b>TOTAL</b>	<b>280</b>	<b>18.012.680,73</b>		<b>7</b>	<b>14.490.000</b>

Resulta coherente que, tendo en conta o actual contexto económico social descrito ao inicio deste documento, sexan as liñas de subvención dos **OBXECTIVOS 3 e 9** as de máis alto financiamento para dar resposta ás necesidades económicas e sociais da cidadanía ocasionadas pola plandemia da Covid-19. **De feito, varias das liñas de subvención destes dous grandes obxectivos estratéxicos incrementáronse ao longo do ano 2020 e 2021 en diversos modificativos orzamentarios** para facer fronte ás situacións de emerxencia social e económica, que será necesario manter ou incluso que poidan motivar a necesidade de ir adaptando o PESCC e o seu plan de actuación anual en función das necesidades sociais e económicas da cidadanía derivadas da crise sanitaria.

Destacan nos obxectivos 3, 4 e 5 como outras axudas municipais as sinaladas no apartado B) do punto 2.4.



- **POR PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN**

	<b>NÚMERO LIÑAS SUBVENCIONS</b>	<b>IMPORTE LIÑAS SUBVENCIONS</b>	<b>OUTRAS AXUDAS</b>	<b>IMPORTE OUTRAS AXUDAS</b>
<b>CONCORRENCIA</b>	<b>28</b>	<b>9.484.676,59</b>	<b>1</b>	<b>2.050.000</b>
- Competitiva(inclúe 1 premio)	18	4.006.076,59	Non Competitiva	
- Non competitiva	10	5.478.000		
<b>NOMINATIVAS</b>	<b>245</b>	<b>7.650.004,14</b>		
<b>DIRECTAS</b>	<b>2</b>	<b>146.000</b>	<b>4</b>	<b>11.750.000</b>
<b>AXUDAS EN ESPECIE</b>	<b>2</b>	<b>700.000</b>	<b>2</b>	<b>690.000</b>
<b>PREMIOS SIN CONCORRENCIA</b>	<b>3</b>	<b>32.000</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>280</b>	<b>18.012.680,73</b>		<b>14.490.000</b>

Destaca o dato que 7 liñas de subvencións das 10 totais en concorrencia non competitiva, entendida como aquel procedemento en que a subvención concédese a todas as solicitudes que cumpran os criterios de outorgamento de xeito que non hai unha comparativa entre elas (artigo 55.1 do RXS), corresponden ás subvencións derivadas do **Presco** para impulso e mantemento da actividade económica de microempresas e persoas autónomas e para o apoio e incentivo ao consumo de proximidade, polo que obedecen a unha coxuntura económica concreta.

Por último figuran como axudas directas dúas do obxectivo 1 do Consorcio de Turismo para as axencias de viaxes e a nova liña para axudas de emerxencia humanitaria. Como axudas en especie as relativas ao Talón Restaurante social e unha do Consorcio de Turismo e Congresos. Os tres premios sen concorrencia son xestionados polos Museos Científicos.

En canto ás Outras axudas municipais a maioría son directas, sendo en concorrencia as becas comedor e dúas como axudas directas.

#### **4.2. CALENDARIZACIÓN**

As bases das convocatorias en concorrencia deberán estar aprobadas e publicadas no BOP, portal de transparencia e Base Nacional de Subvencións antes do **30 de xuño**. Os convenios nominativos, excepto por xustificación motivada ou petición expresa da entidade, deberán estar firmados antes da dita data.

##### **A) CALENDARIO PARA A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS**

En canto ao prazo de xustificación para as persoas beneficiarias, con carácter xeral, o prazo límite fíxase no primeiro trimestre do ano seguinte ao da súa concesión, sen prexuízo dos prazos específicos que sinalen as distintas ordenanzas de subvencións municipais.

##### **B) CALENDARIO PARA REALIZAR OS ANTICIPOS E PAGOS DAS SUBVENCIONS**



En canto ao pago, con carácter xeral, agás anticipos, procurarase realizar o mesmo antes de finalizar o ano seguinte ao da súa concesión. Os anticipos deberán realizarse no mesmo ano de concesión da subvención de acordo co previsto nas distintas ordenanzas municipais de subvencións.

#### **4.3. PERIODICIDADE E ALCANCE DAS CONVOCATORIAS**

Se como sinala a exposición de motivos do RXS en tanto que os plans estratéxicos de subvencións *“se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos alcanzados en cada política pública xestionada a través de subvencións”*, concretando o artigo 12.1 do RXS, que *“os obxectivos estratéxicos do PES han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios”*, a natureza de instrumento planificador desde o punto de vista da xestión orzamentaria leva á consideración da plurianualidade, a que cobra así especial relevancia no ámbito temporal do PESCC, debendo axustarse en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos *obxectivos* de política económica e de estabilidade orzamentaria se determinen para cada exercicio.

Será cada Plan Operativo o que estableza o alcance plurianual das liñas de subvención en concorrencia ou o das directas, ao non ser de aplicación o carácter plurianual para as subvencións nominativas de acordo coa interpretación da Intervención Xeral do Estado <sup>3</sup>.

Non obstante deberá de procurarse, nos termos da normativa orzamentaria e de acordo coas Bases de Execución do Orzamento –que deberán incorporar ao respecto as modificacións que procedan-, a convocatoria plurianual naquelas liñas de subvención relacionadas con actividades e proxectos a realizar por entidades e que, na actualidade, reproducen de forma idéntica a mesma convocatoria cada ano. Ao estar incorporada a liña ao PESS e supeditada á aprobación do Orzamento e da actualización do Plan Operativo anual, debe procurarse acudir á plurianualidade deste tipo de convocatorias a fin de garantir a viabilidade de determinados proxectos, poder avaliar de forma máis eficaz os seus indicadores de actividade e os seus resultados no tempo.

Polo demais, e coa fin de asegurar unha mellora nos tempos de tramitación, recoméndase a tramitación anticipada de todas aquelas convocatorias que sexa posible.

#### **4.4. OUTRAS CONSIDERACIÓNS RELACIONADAS COA XESTIÓN**

En tanto non se aprobe a nova Ordenanza Xeral de Bases Reguladoras para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, e sen prexuízo das especialidades que resulten das ordenanzas reguladoras específicas para determinadas liñas de subvención, aos efectos de axilizar a xestión nas actuais circunstancias económicas-sociais, se deberá ter en conta na xestión de cada liña subvencional:

\* REFERENCIA AO PLAN OPERATIVO DO PESCC EN CADA CONVOCATORIA, CONVENIO NOMINATIVO OU CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA

Na convocatoria das subvencións de concorrencia competitiva, ou na resolución ou no convenio no que se materialicen as subvencións de concesión directa, se deberá facer mención ao obxectivo estratéxico e obxectivos operativos do PESCC que executan.

---

<sup>3</sup> Entre outras, Circular 1/2019



*Exemplo: Convocatoria de subvencións para actividades de interese social en materia de igualdade e diversidade. (PESCC 2021. O3. O.11)*

\*CONVENIOS NOMINATIVOS: Ademais da descrición do obxecto e finalidade do convenio, deben incorporar un resume das accións a realizar, prazos, persoas destinatarias, medios de acordo co proxecto ou memoria presentada, así como os indicadores de resultado e actividade de acordo co previsto no apartado 5 deste documento.

\* PAGOS ANTICIPADOS: Con carácter xeral deberá aprobarse o pago adiantado de ata o 90% do total da subvención concedida, polo que a garantía do pago adiantado será como máximo do 10%. No caso das subvencións ás que se lles aplica a Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar Social (BOP 19.02.2005) se poden anticipar pagos de ata o 98%, sendo a garantía mínima, polo tanto, do 2%, sen prexuízo das modificacións normativas que poidan resultar na futura Ordenanza Xeral

\*PAGOS A CONTA: coa fin de que as persoas beneficiarias poidan cumprir cos compromisos económicos asumidos, poderán realizarse pagos fraccionados cando a natureza da subvención así o permita e así esté contemplado nas correspondentes bases reguladoras ou convenio ou resolución, e os mesmos deberán responder o ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose unha contía equivalente á xustificación parcial presentada.

\*ORZAMENTO A SUBVENCIONAR: Procurarase subvencionar o total da actividade e, no caso das subvencións en concorrencia competitiva –sen prexuízo de normativa específica-, se poderá aplicar como criterio de concesión a porcentaxe de cofinanciamento que achegue a entidade, de maneira que as entidades que máis cofinanciamento acheguen, máis posibilidades terán de obter o financiamento total da acción ou actividade.

En calquera caso, as liñas subvencionais no ámbito social, humanitario ou de cooperación ao desenvolvemento poderán financiarse ate o 100%. Nos restantes ámbitos, será preciso motivar a necesidade de financiamento total no informe proposta previo á súa aprobación.

\*TÉCNICAS DE MOSTRAXE PARA A XUSTIFICACIÓN: Coa fin de axilizar as xustificacións, as bases da convocatoria e os convenios nominativos poden recoller a utilización de técnicas de mostraxe.

\* RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SEN XUSTIFICACIÓN PREVIA CONFORME: Coa fin de axilizar a concesión das subvencións e a firma dos convenios, efectuarase a tramitación ata a resolución de concesión que, no caso de que aínda non estea xustificada a do ano anterior ou anteriores, levará un apartado específico no que se sinala que o recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche con conformidade da xustificación. Unha vez cerrada conforme a xustificación, poderá continuarse coa tramitación para facer o pago anticipado.

\*INSCRIPCIÓN PREVIA DE ENTIDADES NO REMAC: En todas as convocatorias, nos convenios nominativos ou na resolución nas de concesión directa potenciarase que as entidades figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. Procurarase que, ao longo de 2022 dito rexistro esté accesible para consulta en todas as áreas xestoras.

\* INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE RESULTADO: as convocatorias e os convenios nominativos procurarán incorporar os indicadores de actividade e resultado precisos aos efectos de facilitar o seguimento e a actualización da correspondente liña de subvención no seguinte Plan Operativo Anual.

\* Ao longo do 2022 artellarase un procedemento común de xestión de subvencións na ferramenta de xestión de expedientes Open Certiac ou aplicación informática que a substitúa, que garanta a súa conectividade coa execución orzamentaria e coa necesidade de publicación



na Base de Datos Nacional de Subvencións, de forma que se poida producir o envío automático da información á dita Base e á Base Municipal de Subvención. Deses forma, os servizos xestores poderán integrar a información dos datos das convocatorias, resolucións e pagos e será esta base municipal a que os integrará na Base nacional.

\* Ao mesmo tempo, artellaranse os mecanismos informáticos oportunos para que todas as liñas subvencionais se publiquen na web municipal, que contará cun portal específico de subvencións que permita a localización das distintas liñas de subvención e que ofrezca unha información actualizada e común das mesmas, con opcións de busca amplias.

## 5.- AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

O artigo 12.1.c.) do RXS establece que os plans estratéxicos deben incluír o *“réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvención que se establezan. A estes efectos, deben determinarse para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos”*.

Así mesmo, o apartado d dese mesmo artigo sinala que deberá incorporar os *“Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos”*.

Ademais das suxestións que procedan da Mesa técnica de subvencións aos efectos do seguimento do plan, e ademais do correspondente control económico financeiro competencia da Intervención Xeral, a avaliación e seguimento do plan descansa sobre **un sistema de indicadores** que permitan posteriormente realizar o seguimento e actualización anual do Plan operativo (seguinte punto deste documento). Establécense uns indicadores:

\*GLOBAIS: que miden aspectos comúns de todas as liñas de subvención

- % do total executado fronte ao orzamentado
- nº de solicitudes recibidas por cada convocatoria
- nº de subvencións concedidas
- nº de entidades subvencionadas
- nº de entidades ou persoas beneficiadas con desagregación da variable de xénero
- nº de persoas voluntarias participantes
- nº de actividades realizadas por entidade beneficiaria (para liñas de subvención de actividades e proxectos)
- nº de persoas/entidades que xustificaron en prazo
- tempo medio de tramitación desde a solicitude (ou presentación da xustificación) ata a resolución
- tempo medio desde a resolución ata o pagamento

\*ESPECÍFICOS: para ámbitos competenciais concretos que polas súas peculiares características requiran dun maior detalle informativo. Estes indicadores deberán especificarse nas convocatorias e convenios nominativos, sen prexuízo dos específicos de cada proxecto ou actuación que deberán quedar expresamente recollidos.



**MESA TÉCNICA DE SUBVENCIONES:** Coa fin de homoxeneizar criterios de xestión, realizar propostas normativas para a futura ordenanza xeral, resolución de dúbidas ou dificultades durante o período de vixencia do plan, así como para o seguimento da súa execución, créase unha mesa técnica de subvencións formada por unha persoa representante das áreas xestoras das distintas liñas de subvencións, así como polas persoas que designe a Intervención Xeral encargadas do control financeiro e económico das subvencións que será coordinada pola Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior. A dita mesa técnica contará coa súa propia dirección de correo electrónico.

Finalizado cada ano natural, emitirase a **memoria anual de execución** do plan (o informe sobre o grao de avance da aplicación do plan) que recollerá a situación a dita data en relación cos obxectivos establecidos e os seus indicadores de seguimento, e que conterá para cada liña de subvención, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Información relativa á execución orzamentaria das aplicacións do Orzamento destinadas ás distintas liñas de subvencións.
- b) Información de cada liña de subvención de acordo cos indicadores previamente establecidos.
- c) Grao de execución dos obxectivos operativos, con indicación dos resultados esperados e dos efectivamente alcanzados.
- d) Exposición e análise das causas das desviacións detectadas expresando as medidas correctoras que se adopten ou propoñan, segundo o caso.

A memoria anual de execución, xunto co plan actualizado, serán remitidos ao órgano competente para a aprobación da actualización do Plan antes do 15 de abril do ano seguinte. A Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior será a encargada de realizar a dita memoria anual.

Para realizar o seguimento e avaliación do presente plan, anualmente cada centro xestor realizará o seguimento de cada unha das subvencións convocadas no seu ámbito de actuación, constatando o progreso alcanzado en canto ao cumprimento dos obxectivos propostos, en función dos indicadores previamente determinados a tal fin.

## 6.- ACTUALIZACIÓN

O artigo 14.1 do RXS establece que *“anualmente se realizará a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible”*.

Por iso, cada ano se realizará a actualización do plan nos primeiros meses de cada exercicio, tendo en conta as previsións orzamentarias aprobadas e definidas as aplicacións dos capítulos IV e VII. A tal fin, as direccións de área ou servizos xestores, así como os entes dependentes no seu caso, remitirán á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, antes de iniciar a actividade subvencional de cada exercicio económico un documento de actualización das liñas de subvención incluídas no PESCC, coa fin de que poida ser elaborado pola dita Dirección o correspondente Plan Operativo Anual.

Na dita actualización analizaranse os diversos aspectos que inciden no plan e en concreto:

- a) Se se modificou o ámbito subxectivo do plan.
- b) Se os orzamentos finalmente aprobados ou prorrogados supoñen unha alteración respecto aos que se consideraron ao elaborar o plan.





c) Se se modificou a planificación estratéxica que orienta o plan.

d) Se se considera que é necesario suprimir ou incorporar novas liñas de subvencións ou modificar as xa existentes debido á detección de novas necesidades orientadas á consecución dos obxectivos operativos establecidos, ou ben modificar ou actualizar aquelas que puideran ter perdido a súa vixencia ou que non sexan eficaces para o logro dos obxectivos establecidos.

O plan actualizado deberá conservar a estrutura do contido do plan inicial, identificando claramente os novos contidos. O plan actualizado deberá ir precedido dun apartado introdutorio no que se identificarán e motivarán as modificacións realizadas.

O plan actualizado, xunto coa memoria de execución do ano anterior, deberá enviarse para a súa aprobación ao órgano competente antes do **15 de abril**.

O concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, é o órgano competente para a aprobación dos sucesivos Plans Operativos anuais que concretarán cada anualidade orzamentaria, así como para a aprobación das súas modificacións e actualizacións, sen prexuízo da súa comunicación á Comisión Técnica e posterior dación de conta ao Pleno da corporación no período do PESCC (2021-2023).

## **7- APROBACIÓN**

De acordo co sinalado neste documento acerca da natureza xurídica dos plans como instrumentos planificadores desde o punto de vista da xestión orzamentaria, a súa vocación plurianual e a súa vinculación coa programación orzamentaria (Exposición de Motivos e artigo 12. 1 DO RXS), o órgano competente para a súa aprobación será a **Xunta de Goberno Local** en base ao artigo 127.1 g) da LBRL, á que corresponde "*O desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispoñer gastos en materia da súa competencia, dispoñer gastos previamente autorizados polo Pleno...*". Este mesmo órgano aproba o Plan operativo Anual 2021, pero delega no concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior a aprobación dos sucesivos plans operativos que concretarán cada anualidade orzamentaria, así como a aprobación das súas modificacións e actualizacións, sen prexuízo da súa comunicación á Comisión Técnica e posterior dación de conta ao Pleno da corporación no período do PESCC (2021-2023).

## **8.- PUBLICACIÓN**

O artigo 6 da Lei 19/2013 de transparencia recolle a publicación dos plans e programas plurianuais. En execución de tal previsión, o RD 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, introduce un novo parágrafo no artigo 13 DO RXS para establecer que a dita publicación, no caso dos plans estratéxicos de subvencións, se realice no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP). O SNPSAP publicará o plan aprobado e as súas actualizacións, así como os informes sobre o grao de avance da aplicación do plan e os resultados da avaliación.



Este precepto non ten carácter básico, polo que a publicación no SNPSAP dos plans estratéxicos de subvencións (PES) unicamente é obrigatoria no ámbito da Administración Xeral do Estado. Non obstante, en aras á transparencia da xestión subvencional recoméndase a publicación no SNPSAP de todos os PES aprobados, con independencia do seu ámbito subxectivo, como veñen realizando a maioría de cidades que contan co dito plan.

Ademais desta publicación na **BDNS**, que conta cunha pestana específica para a consulta dos plans estratéxicos, publicarase no **BOP** e no **portal de transparencia da web municipal**.

\*\*\*\*\*